

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE SETEMBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:10 horas do día 21 de setembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás o 4c)  
D<sup>a</sup>. Cristina Gómez (asiste aos puntos 2a, 2b, ea e 3b)  
D. Fernando Carballo Vilar (asiste aos puntos 2c e 4a)  
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 8a, 9a e 4b)  
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8b e 9b)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste ao punto 4c)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigoo (9.241-612)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a FRUTAS NIEVES, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión e dinamización da Casa das Mulleres de Vigo (8.398-224)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 23:21	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC41-C13233-EE3FBD-YCCW98-F2D4VC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado xefe do Servizo de Deportes o 19 de setembro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322) (informe sobre B)**

Retírase este asunto da orde do día.

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333) (informe sobre B)**

A mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado xefe do Servizo de Deportes o 19 de setembro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”. Acto seguido procédese á súa publicación no perfil de contratante.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (578-322)**

Retírase este asunto da orde do día.

**4.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigozoo (9.241-612)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	FRUTAS NIEVES, S.L.	39.499,20 euros

Non asiste público á apertura.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do PCAP, ao haber un único licitador non é necesario aplicar a fórmula prevista no prego. Neste caso, outorgaráselle a máxima puntuación.

En base ao anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda outorgar a seguinte puntuación:



	Licitador	Puntuación
1	FRUTAS NIEVES, S.L.	100 puntos

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Impartir dúas charlas (si/non)
1	A BILLARDA, S.L.	39.131,40	si
2	MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L.	32,67 (prezo unitario)*	si

\* MAREXADA, DEPORTE, LECER E CULTURA, S.L. formula a súa oferta por prezo unitario. O desconto aplicado ao prezo unitario previsto no apartado 3.G das FEC do PCAP é de 20,78%. Aplicando o mesmo desconto ao orzamento básico de licitación previsto no apartado 3.A das FEC resulta un prezo de adxudicación (IVE incluído) de 60.375,57 euros.

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Antes de proceder á apertura das proposicións, a secretaria informa ao público asistente que na sesión da apertura do sobre B, que tivo lugar o 6 de agosto de 2018, por mor dunha incidencia técnica na plataforma de licitación electrónica, se desenscriptaron os sobres electrónicos que conteñen os documentos que compoñen o Sobre C “Proposición avaliable a través de fórmula”, en lugar de desenscriptar os sobre electrónicos que conteñen o sobre B. Así o confirmou a empresa encargada da licitación electrónica que indicou que a incidencia tiña que ver coa parametrización dos sobres.

Na acta do 6 de agosto de 2018 deixouse constancia de que durante a sesión non se accedeu ao contido dos documentos e consta no expediente informe da plataforma de licitación electrónica que confirma que “non se accedeu á documentación contida



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 23:21	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC41-C13233-EE3FBD-YCCW98-F2D4VC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

no citado sobre C" e "procedeuse a impedir o acceso a dita documentación mediante a súa ocultación da plataforma, de maneira que non poida ser accesible desde o expediente electrónico para ningún usuario do sistema".

Quedando garantido o segredo das ofertas económicas, procedeuse na sesión do 14 de agosto de 2018 á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

Compróbase na sesión que a documentación do Sobre C está oculta e non se pode acceder ao seu contido e a continuación, un representante da empresa encargada da licitación electrónica, presente na sesión, habilita a referida documentación para que se poida proceder á apertura dos documentos que conteñen as ofertas dos licitadores presentados e admitidos, co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Incremento nº verticais	Melloras		Prezo Mantement o anual posterior a garantía	Nº indicadores*
				Inclusión na oferta de contorno colaborativo (si/non)	Nº horas Plan formación		
1	ELECNOR DEIMOS	425.557,00	3	si	120	21.876,80	200
2	TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA SA	287.109,60	15	si	388	0,00	213
3	SIVSA SOLUCIONES INFORMATICAS SAU	419.519,10	2	si	80	0,00	280
4	WELLNESS TELECOM	444.894,62	15	si	300	0,00	200
5	NEC IBERICA SLU	265.183,07	1	si	248	16.500,00	249
6	INDRA SISTEMAS SA	423.500,00	2	si	100	21.780,00	232

\*Os licitadores deberán achegar unha lista dos indicadores de cada vertical.

Todos os licitadores agás ELECNOR DEIMOS achegan a lista de indicadores esixida no PCAP.

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. Olga Álvarez, con DNI 26.034.407-H, en representación de NEC IBÉRICA; D. Alejandro Carrillo Torres, con DNI 44.845.070-S, en representación de TELEFÓNICA SOLUCIONES; e D. Jesús Álvarez López, con DNI 37.325.970-Y, en representación de SIVSA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 10.- Propostas de clasificación

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de**



**“Ximnasia para persoas maiores” (17.091-333)**

Retírase este asunto da orde do día.

**11.- Propostas de adxudicación****a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (lotes 1, 2 e 3)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) (lotes 1, 2 e 3)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 24 de xullo de 2018, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral do 50% da puntuación máxima no criterio de xuízo de valor, cuantificado en 50 puntos, previsto no apartado 9.A.2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares:*

- LOTE nº 1: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 3: SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.
- LOTE nº 4: DANNERBOOTS, S.L.

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) na seguinte orde descendente:*

LOTE Nº 1 “Calzado”:

<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 23:21	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC41-C13233-EE3FBD-YCCW98-F2D4VC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIs":

Licitador	Puntuación total
PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	90

LOTE Nº 4 "Prendas ou elementos da uniformidade especifica do servizo de Policía local":

Licitador	Puntuación total
SAGRES, S.L.	100

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (lotes 1, 2 e 3) e SAGRES, S.L. (lote4), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 1.791,17 euros (447,80 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación".

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1, 2 e 3, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., o día 21 de agosto de 2018, que presenta a documentación requirida o 30 de agosto, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de setembro de 2018 revisou a documentación presentada, e acordou conceder un prazo de tres días a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. para que puidese completar as garantías depositadas para cada un dos lotes, dado que os importes depositados son insuficientes e consta acreditado un erro imputable a esta Administración no requirimento formulado.

Durante o prazo concedido PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. completou as garantías. Esta documentación foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de setembro de 2018, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 1, 2 e 3, PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 19 de xullo de 2018 (e informe complementario do 30 de xullo) e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 30 de xullo.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) coas seguintes condicións:*

- *Lote 1 “Calzado”:*
  1. *O prezo total deste lote é de 93.809,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.280,90 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.*
  2. *Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 1.*
- *Lote 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:*
  1. *O prezo total deste lote é de 255.066,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 44.267,65 euros, de acordo cos prezos unitarios*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 23:21	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC41-C13233-EE3FBD-YCCW98-F2D4VC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



indicados na oferta.

2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 2.

- Lote 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”:

1. O prezo total deste lote é de 103.550,00, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.971,49 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 3.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

## 12.- Proposta de clasificación e adxudicación

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigozoo (9.241-612)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de froitas e hortalizas para a fauna en Vigozoo (9.241-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	FRUTAS NIEVES, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FRUTAS NIEVES, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4f da LCSP):

1. Acreditación da constitución garantía definitiva.
2. Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego.

Así mesmo, ao non esixirse neste procedemento a súa inscrición obrigatoria no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público ou no rexistro da correspondente CCAA, o licitador deberá presentar a seguinte documentación:

1. Ao tratarse dunha persoa xurídica, acreditación da válida constitución e obxecto social.
2. Capacidade de obrar.
3. Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.
4. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
5. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP”.



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 23:21	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC41-C13233-EE3FBD-YCCW98-F2D4VC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		